

REDONDELA

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 05/09/2013, aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa utilizacións deportivas municipais por peregrinos.

Dado que no período de exposición pública non houbo ningunha reclamación contra dito expediente, e conforme o disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, o expediente inicialmente aprobado considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario.

Cumprindo o establecido no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procédese á publicación íntegra da ordenanza que quedará redactada do seguinte xeito:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS POR PEREGRINOS.

ARTIGO 1.—CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 20.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora de facendas locais, este concello establece a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial por peregrinos para pasar a noite. Os locais a utilizar serán as instalacións deportivas.

As prazas ocuparanse ao chegar os peregrinos que previamente o solicitasen e teñan autorización. No caso de quedar espacio suficiente e estar dispoñible a instalación poderá ser ocupado polos peregrinos que se presenten aínda que non efectuasen solicitude previa, sempre que acrediten a súa condición de peregrinos. A estancia na instalación deportiva será dunha sola noite.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible a utilización das instalacións deportivas municipais existentes no municipio para pasar a noite co cumprimento das normas de comportamento descritas.

ARTIGO 3.—SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou que no seu interese redunden as prestacións a que se refire a presente ordenanza.

ARTIGO 4.—RESPONSABLES

Responden solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.—BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria será a resultante de aplicar a seguinte tarifa:

Pola utilización dos pavillóns municipais para pasar a noite: 3 euros por noite e persoa.

ARTIGO 6.—NORMAS DE XESTIÓN

O aboamento da taxa realizarase na conta do Concello que se indique e achégarse xustificante do mesmo ca presentación da solicitude, na que se indicará o número de total de persoas.

Nos suposto de non mediar solicitude previa deberá entregarse xustificante do pagamento no momento de entrada no local.

A Alcaldía determinará as tempadas anuais nas que se poderá facer uso das instalacións citadas, así como as condicións da súa utilización.

ARTIGO 7.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

Para o tocante ás infraccións e sancións rexerá o disposto nos artigos 181 e seguintes da lei xeral tributaria.

Contra a aprobación definitiva desta Ordenanza unicamente poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses dende a publicación da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia

Redondela, 18 de novembro de 2013.—O Alcalde, Javier Bas Corugeira.

2013010569

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 05/09/2013, aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa servicios de casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servicios análogos.

Dado que no período de exposición pública non houbo ningunha reclamación contra dito expediente, e conforme o disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, o expediente inicialmente aprobado considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario.

Cumprindo o establecido no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procédese á publicación íntegra da modificación da ordenanza que quedará redactada do seguinte xeito:

A N E X O

Anexo. Tarifa

	Prezos sen IVE	
1.—Cotas de inscrición:		
Matrícula socio-aboado		13,76
Excedencia		6,89
	<i>So piscina</i>	<i>Piscina +sala fitness</i>
2.—Socio-aboado:		
Individual adulto	18,37	25,25
Individual menor de idade	14,93	20,67
Individual xubilados con informe de Servizos Sociais	9,19	12,64
Individual xubilados sen informe de Servizos Sociais	14,93	20,67
Familiar de 2 integrantes	22,97	29,84
Familiar de 3 e seguintes	25,25	32,15
Familiar de 2 xubilados con informe	11,49	14,93
Familiar de 2 xubilados sen informe	18,37	24,12
3.—Entradas uso libre:		
Sesión baño libre adulto(45)	2,87	
Sesión baño libre menor de idade e xubilados (45)	2,30	
Sesión baño libre + sala fitness (sen límite de tempo)	3,45	
4.—Aluguer de instalacións:		
Uso canle piscina Clube Nautico Redondela + Waterpolo (45)	3,45	
Uso canle piscina outros clubes (45)	13,76	
Uso da piscina para competicións (½ día)	172,22	